

Día Internacional para a eliminación
da violencia contra as mulleres

25 de
novembro

Secretaría Confederal da Muller
Confederación Intersindical Galega

Alfonso Molina s/n, 8ª planta Edificio sindical
15008 A Coruña
Teléfonos: 981 16 92 93 (centraliña)
981 900 633 (directo)
Fax: 981 151 539

Correos:
muller.mocidade@galizacig.net
tecnica.igualdade@galizacig.net



Secretaría da muller



Confederación Intersindical Galega

Día Internacional para a eliminación
da violencia contra as mulleres

**"Os verdadeiros
monstros
atópanse fóra
dos contos"**

25 de
novembro

**A CIG contra
a violencia machista**



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com



Secretaría da muller

"Os verdadeiros monstros atópanse fóra dos contos"

25 de novembro:

Os contos tradicionais están cheos de monstros que asustan as mulleres e as crianzas que neles aparecen. Mais a realidade amosa día a día que eses seres violentos se agochan na vida real baixo unha faciana que nos é ben coñecida: a do patrón explotador, a do xefe acosador, a do agresor, a do calumniador, o chantaxista, a daqueles que nos castigan por sermos nais traballadoras, a dos que pretenden illar as mulleres, decidir por nós no control dos nosos corpos, legislar para criminalizarnos, xogando coa nosa saúde e benestar, a de todos eses personaxes que, amparándose no machismo, perpetúan a violencia contra as mulleres.

A violencia de xénero non se limita ás relacións de parella ou familiares, senón que tamén se orixina nas relacións sociais de xénero, tendo a súa expresión en todos os espazos da sociedade, entre eles o traballo. O ambiente de traballo debería ser un espazo libre de violencia, mais na práctica non o é, sendo en moitos casos, intimidatorio e irrespectuoso cara ás traballadoras. Á deshumanización laboral, súmanse as discriminacións de clase e de xénero que conforman un substrato no que as expresións de violencia se converten nun feito

frecuente, ás veces cotián e mesmo inadvertido ou banalizado.

Por iso é preciso incorporar a perspectiva de xénero na avaliación de riscos e en todas as actuacións relacionadas coa saúde laboral, facendo especial fincapé na violencia de xénero. Exixir a implantación de protocolos de prevención e actuación fronte aos casos de violencia no traballo (ben sexa acoso sexual, moral ou calquera outro tipo de violencia), garantindo a protección e atención das vítimas.

Considerar as vítimas de violencia de xénero como traballadoras especialmente sensíbeis (ao abeiro do artigo 25 da LPRL) e o acoso como accidente de traballo.

Acadar que o traballo produtivo sexa compatíbel coa función reprodutiva, de xeito que non se negue ás mulleres o acceso ao emprego en idade fértil e se garanta o exercicio do seu traballo durante a maternidade.

Que sinalemos e denunciemos os distintos tipos de violencia (física, psicolóxica, social, económica, sexual, simbólica, organizacional e estrutural) desde a súa manifestación, comezando polas discriminacións e incumprimentos da lexislación, polos sistemas de traballo opresivos.

Mais non podemos obviar que non é doado denunciar este tipo de condutas, e mesmo que cando se denuncia, non prospera, pola dificultade da proba. A dificultade de castigar e erradicar este tipo de violencia tamén vén dada pola falla de compromiso tanto do poder político, como das administracións (Inspección de Traballo), como da propia xudicatura, que parecen esforzarse unicamente en buscar argumentos para restarlles credibilidade aos seus relatorios, en vez de contribuír na procura de probas para probar os feitos denunciados, por exemplo, pór en valor os informes do persoal médico forense, avaliacións psiquiátricas e/ou psicolóxicas das vítimas, etc. En definitiva, a realidade dista moito do que en xustiza tiña que ser.

A conmemoración do 25 de novembro a nivel internacional ten a súa orixe como recoñecemento ás irmás Minerva, Patria e M^a Teresa Mirabal, coñecidas como "as bolboretas inesquecíbeis" (nome secreto de Minerva nas súas actividades clandestinas) que no 1960 foron violentamente asasinadas na República Dominicana polo seu activismo político, como militantes opositoras da ditadura. Estas tres mulleres convertéronse no máximo expoñente da resistencia popular e feminista.

Medio século despois, en Galiza seguen morrendo mulleres por mor

da violencia de xénero. A pesar das denuncias, seguen a ser invisibilizadas, acosadas, maltratadas, perseguidas, sancionadas e mesmo despedidas por exercer o seu dereito a compatibilizar traballo e maternidade, por defender os seus dereitos sexuais e reprodutivos, aínda hoxe son presionadas para que fiquen no fogar ao coidado das persoas dependentes, seguen a percibir menos salarios, máis temporalidade, contratos precarios, pensións moi baixas. Todas estas discriminacións se veñen a sumar ás condutas machistas que imperan nas relacións laborais. Son insultadas, illadas, mesmo polos compañeiros, dirixidos por mandos intermedios ao servizo do poder empresarial. Porque o lugar de traballo segue a ser aínda hoxe un espazo onde sofren ataques, abusos ou ameazas que poñen en risco a súa seguridade, o seu benestar e a súa saúde. Por iso debemos actuar conxuntamente, mulleres e homes, tamén neste eido, para desenmascarar a eses monstros que non só existen nos contos, erradicar estes comportamentos e garantir, no presente e no futuro máis inmediato, o dereito a un traballo libre de violencia.

Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres

